

GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

“ESTRUTURA LABORAL E DEMOGRÁFICA DE MOECHE”

“ESTRUCTURA LABORAL Y DEMOGRÁFICA DE MOECHE”

“DEMOGRAPHIC AND EMPLOYMENT STRUCTURE OF MOECHE”

TRABALLO DE FIN DE GRAO. CURSO: 4º

SOTO QUETTI, LORENA

DNI:

DIRECTOR/A: Alfonso Gomis Rodríguez

Resumo:

Este traballo pretende mostrar a evolución demográfica do Concello de Moeche, comparando coa poboación galega. Estudar a estrutura demográfica da poboación e a influencia que esta ten sobre o mercado laboral. O avellentamento demográfico cada vez é un dos retos máis problemáticos os que ten que facer fronte a sociedade.

Primeiro comezamos estudando a estrutura demográfica do concello, como se estrutura por grupos de idade e cal será o seu índice de avellentamento e que quere dicir. Ademais da demografía centrarémonos no estudo da estrutura económica e laboral. O estudo dos distintos sectores e cales teñen máis peso en Moeche, a poboación ocupada, tipos de contratos, os distintos tipos de afiliacións, as pequenas empresas coas que conta este pequeno concello. Tamén é importante coñecer cales son as ocupacións máis dinámicas e cales os postos preferidos desta poboación. En definitiva estudar o caso dun pequeno núcleo rural que sofre as desvantaxes de ser un pequeno concello como tantos outros de Galicia.

Palabras Clave:

Galicia; avellentamento demográfico; Concello de Moeche; estrutura demográfica; despoboamento; estrutura económica; estrutura laboral.

Abstract:

This work spectes to show the demographic evolution of the City council of Moeche, comparing with the Galician population. Study the demographic structure of the population and the influence that this has envelope the labour market. The demographic aging every time is one of the most problematic challenges those that has to do regarding society.

First begin studying the demographic structure of the city council, as if it structures by groups of age and which will be his index of aging and that wants to say. In addition to the demography will center in the study of the economic and employment structure. The study of the distinct sectors and which have more weight in Moeche, the worker population, types of contract, the different types of affiliation, the small enterprises with the that explains this small city council. Also it is important know which are the most dynamic occupations and which the places preferred of this population. In definitive study the case of one small rural core that suffers the disadvantages to be a small city council how so many others of Galicia.

Keywords: Galicia; demographic aging; City council of Moeche; demographic structure; depopulation; economic structure; employment structure.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. MARCO TEÓRICO.....	5
I. Factores Demográficos do Proceso de Envellecemento	8
II. Avellentamento Demográfico Galego	9
III. Estrutura por Idade	10
3. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA.....	12
4. O MUNICIPIO DE MOECHE	13
4.1 Breve descrición.....	13
4.2 Historia.....	14
4.3 Evolución demográfica do Municipio de Moeche.....	15
I. Estrutura da Poboación.....	17
II. Nivel educativo da poboación.....	21
5. ESTRUTURA LABORAL DO CONCELLO.....	24
I. Estrutura económica do Concello.....	26
i. Estrutura por Sectores.....	27
II. Afiliacións á Seguridade Social.....	31
III. Poboación Ocupada.....	32
i. Contratos.....	32
ii. Situación profesional.....	33
IV. Sinistralidade Laboral.....	37
V. Centros de traballo.....	37
VI. Métodos de inserción laboral no municipio.....	37
i. RedeXiana2.....	37
ii. Plan de Emprego Local (PEL)	38
iii. Programas da Xunta de Galicia	38
iv. Outras axudas.....	38
6. CONCLUSIÓNS.....	39
7. BIBLIOGRAFÍA.....	40

ESTRUTURA LABORAL E DEMOGRÁFICA DE MOECHE
-
ESTRUTURA LABORAL Y DEMOGRÁFICA DE MOECHE
-
DEMOGRAPHIC AND EMPLOYMENT STRUCTURE OF MOECHE

1. Introducción.

O avellento da poboación é hoxe un problema demográfico importante para Galicia e os pequenos concellos, que ano tras ano se fai cada vez maior. Este maniféstase cunha perda de poboación, unha baixa natalidade entre outros. Entre eles atópase o Concello do que imos a tratar, o municipio de Moeche situado na provincia de A Coruña, na comunidade autónoma de Galicia. Pertencente a comarca de Ferrol.

A nivel de España tamén se reflicte esta perda de poboación, no traballo veremos unhas proxeccións que o confirman obtidas a través de estatísticas.

É por iso que neste traballo se pretende facer un estudo, de cómo se estrutura a poboación en Moeche, os cambios dos últimos anos para analizar cal será a situación a longo prazo. Outro punto importante é coñecer a situación laboral que actualmente viven as persoas que residen neste municipio, e se dende o concello existen formas de mellorar a situación a través de axudas para a inserción laboral das persoas.

Por outra, pretende mostrar a través dunha breve descrición do municipio a situación xeográfica e unha breve historia para situar e poder entender a partir de aí cales son os sectores con maior proporción e o por que. Ademais de coñecer por medio da estrutura económica e laboral a situación que viven as persoas que viven nestes pequenos núcleos rurais.

Polo tanto vamos tratar temas dende demográficos; estrutura da poboación por idade, sexo, índices de avellentamento entre outros. Ata temas económicos a través dos distintos sectores e empresas que existen a día de hoxe facendo análises evolutivas e comparacións. E finalmente estudar máis concretamente o que é o tema laboral; afiliacións, ocupacións, situacións profesionais, contratacións etc.

Por último estudaremos os programas os que o concello está adherido ou as axudas das que dispón para promover o emprego nun pequeno concello.

2. Marco Teórico.

Segundo os datos e as previsión da poboación, atopámonos ante un cambio demográfico progresivo. No que as características principais a redución do crecemento da poboación e o propio avellentamento desta. Dende mediados do século XIX Galicia caracterízase pola continua perda de peso respecto o conxunto de España. Os factores claves deste proceso son o descenso na taxa de natalidade e o aumento da esperanza de vida.

Este continuo proceso de avellentamento demográfico lévanos a que as persoas de maior idade representen unha proporción cada vez maior fronte o total da poboación. Paralelo a isto atopamos que a participación das persoas menores de 16 anos irá descendendo con respecto ao total. A raíz disto presentásenos unha descompensación no tamaño dos grupos de idade, que a causa do avellentamento produce un desequilibrio entre os tamaños dos grupos de idade relevantes para a permanencia dos sistemas de transferencias.

Este descenso da poboación en Galicia considérase froito dunha intensa emigración cara o continente americano, europeo e cara o resto do Estado, que máis tarde se traduciu nun desequilibrio territorial da poboación, cunha forte desestruturización familiar e un proceso de urbanización tardío, que supoñen un envellecemento progresivo e que parece haber cruzado a liña do non retorno (BARREIRO RIVAS, 2013: 21; ALDREY, 2006: 26).

Polo tanto Galicia como o conxunto do Estado español, están experimentando un proceso de envellecemento tanto no medio rural como no urbano, agravado pola forte emigración de persoas novas cara o exterior coa súa consecuencia nun declive demográfico ó cal deben enfrontarse. Atopámonos ante un elevado grado de fragmentación municipal e a dispersión dos núcleos de poboación (FERNÁNDEZ Y MEIXIDE, 2013:62; LÓPEZ GONZÁLEZ, 2004:198).

Para poder explicar estes cambios debemos centrarnos en tres elementos básicos que nos axudarán a explicalos; en primeiro lugar, o importante descenso da natalidade; en segundo lugar, o incremento da esperanza de vida; e por último o impacto dos fluxos migratorios. Pero destes tres factores os dous primeiros son fundamentais para explicar a diminución do ritmo de crecemento da poboación. A consecuencia de todo o anterior é que actualmente nos atopamos cunha poboación cada vez máis vella e cunha estrutura de poboación descompensada, na que o peso dos grupos de idade próxima á xubilación é cada vez maior. Todo isto ameaza a evolución futura da sociedade galega, xa que as previsións futuras mostran claramente como a situación se volverá crítica a medio prazo (ALDREY, FERNÁNDEZ Y LÓPEZ, 2013).

Táboa 1.- Evolución da poboación de Galicia e España, 1900-2014. E proxeccións demográficas para o horizonte 2025.

Ano	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
1900	681.895	476.357	419.665	495.721	2.073.638	18.830.649
1910	726.697	512.467	446.342	546.247	2.231.753	19.990.909
1920	772.363	517.918	466.398	585.866	2.342.545	22.012.663
1930	835.906	523.911	476.336	630.446	2.466.599	24.026.571
1940	912.662	545.128	494.966	685.801	2.638.557	26.386.854
1950	971.641	521.213	494.283	714.666	2.701.803	28.172.268
1960	1.035.619	491.955	488.241	715.181	2.730.996	30.776.935
1970	1.030.745	423.064	441.260	781.334	2.676.403	34.041.531
1981	1.093.122	405.377	430.175	883.268	2.811.942	37.683.363
1991	1.096.027	384.865	353.491	896.847	2.731.669	38.872.268
2001	1.096.966	357.648	338.446	903.759	2.695.880	40.847.371
2011	1.141.286	348.067	328.697	954.877	2.772.928	46.818.219
2014	1.132.415	342.717	322.239	950.188	2.747.559	47.129.783
2025	1.096.606	314.475	297.203	961.494	2.669.778	-

Fonte: Censos de Poboación, 1900-2011; Padrón de habitantes e Proxeccións demográficas do IDEGA (USC)

O crecemento da poboación galega entre 1900-2016 foi do 31,3%, cifra que debemos considerar moderada se o comparamos co incremento vivido no conxunto do Estado, que no mesmo período foi de 100% (táboa 1). O aumento do número de habitantes en Galicia non é uniforme nin no tempo nin no espazo, xa que hai unha clara desigualdade na evolución que viven as provincias occidentais, con un dinamismo máis notable, respecto das orientais. É necesario destacar que existiron dúas datas clave ó longo deste período para a demografía galega. A primeira é o ano 1960, punto de inflexión a a partir do cal existe un notable estancamento e incluso episodios de significativa diminución do volume da poboación. Outra data importante sería 2011 na que podemos ver un progresivo e xeneralizado decrecemento. Debido sen lugar a dúbida pola crise económica: chegada de menos inmigrantes a par da situación expansiva de emigración da xente nova. De cara o futuro como nos mostra o Instituto Nacional de Estatística (INE), podemos observar a evolución do colectivo galego, queda claro que Galicia vai continuar perdendo efectivos ata o ano 2025 (táboa 1).

O demógrafo francés Sauvy sinalaba xa hai medio século que o avellentamento demográfico sería un dos principais retos ao que terían que enfrontarse as sociedades do século XXI. (Sauvy, 1966, p. 49). Este demógrafo non se equivoca nesta previsión, como vemos nos desequilibrios dos grupos de idade. Tanto España como Galicia son participes deste réxime demográfico característico do noso continente, o máis avellentado de todos,

de modo que as proxeccións sobre a evolución futura da poboación apuntan cara un agravamento da situación actual.

Un dos últimos informes publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE), titulado Proxección de poboación a curto prazo 2012-2022, nas que se prevé un descenso do crecemento da poboación progresivo (táboa 2).

Táboa 2.- Crecemento poboacional por provincias.

Provincia	Poboación residente a 1 de xaneiro			Crecemento absoluto		Crecemento relativo (%)		Promedio anual	
	2002	2013	2023	2002-2012	2013-2022	2002-2012	2013-2022	2002-2012	2013-2022
España	41.035.271	46.704.314	44.082.671	5.669.043	-2.621.643	13,82	-5,61	566.904	-262.164
A Coruña	1.096.079	1.138.715	1.083.080	42.636	-55.635	3,89	-4,89	4.264	-5.563
Lugo	357.303	344.923	318.039	-12.380	-26.884	-3,46	-7,79	-1.238	-2.688
Ourense	338.166	325.352	294.702	-12.814	-30.649	-3,79	-9,42	-1.281	-3.065
Pontevedra	905.270	952.741	918.157	47.471	-34.584	5,24	-3,63	4.747	-3.458
Galicia	2.696.818	2.761.730	2.613.978	64.912	-147.751	-1,88	-25,73	6.491	-14.775

Fonte: 2002-2011, Estimacións Intercensais da Poboación; 2012, Cifras de Poboación ;2013-2023, Proxección da Poboación a Corto Prazo.

Moito máis característico que falar a nivel rexional ou provincial é facelo a nivel municipal. Observando por comarcas podemos ver cales son as zonas máis dinámicas e poboadas. A evolución demográfica 2000-2014 (figura 1) mostra a existencia de dúas Galicia. Por unha parte a franxa Ferrol-Tui onde podemos observar os municipios máis dinámicos, unha pequena zona que concentra unha cuarta parte da superficie de Galicia. Tamén podemos observar as proxeccións.

Figura 1 e 2. – Evolución demográfica a nivel municipal en Galicia, 2000-2013 - Evolución demográfica a nivel municipal en Galicia, 2010-2030.

Figura 1





Figura 2



Fonte: Figura 1; Padrón de habitantes e Figura 2; Proxeccións demográficas IDEGA (USC).

No futuro as cousas non irán a mellor , pois as proxeccións demográficas indícanos que entre 2010-2030 as áreas máis regresivas continuarán perdendo efectivos de maneira constante e abundante (figura 2). En total sería arredor de 60 municipios dos 314 galegos

os que contarían cunha dinámica positiva neste período. Estamos ante un rápido baleiro demográfico, con unha concentración de poboación evidente ata o corredor atlántico e a conversión de grandes zonas de Galicia nun deserto demográfico. Estas perdas demográficas son consecuencia da incidencia do fortísimo envellecemento demográfico.

I. Factores Demográficos do Proceso de Envellecemento

Na poboación galega fixéronse efectivos antes que en España os síntomas de envellecemento demográfico, moi notorios sobre todo arredor do século XX. Coincidindo nesta etapa cun estancamento demográfico debido por un lado á emigración dos cincuenta e sesenta e por outro ás consecuencias dos éxodos pasados.

Galicia así pasa por dúas fases de revolución demográfica, primeiramente o descenso da mortalidade mentres que a natalidade parece elevada durante un tempo. E posteriormente a diminución da natalidade ata uns niveis que aproximan estes dous elementos do movemento natural, o que se reflicte nunha redución do crecemento vexetativo, que dende mediados dos oitenta é signo negativo.

Na táboa 3 podemos ver a evolución cronolóxica (1880-2014) dalgúns índices representativos destes cambios na evolución demográfica. Podemos observar a clara tendencia descendente de todos os indicadores demográficos básicos, sobre todo dende mediados do século pasado. Con respecto a natalidade e fecundidade podemos observar o claro descenso con claras diminucións do 20% dende os anos cincuenta en diante. Na mortalidade tamén podemos ver unha clara descendencia, aínda que na taxa bruta vemos que debido o incremento do avellentamento se produce unha inversión desta descendencia a partir dos anos oitenta do século XX. A evolución das taxas de mortalidade infantil e da esperanza de vida pola contra mostran unha notoria melloría debido os progresos conseguidos. Punto importante debido a cada vez menor incidencia das enfermidades infecto-contaxiosas. Estes cambios nas causas de defunción son un bo indicador do grao de desenvolvemento.

Galicia dende os anos oitenta do século XX entra no grupo que caracteriza as sociedades máis avanzadas demograficamente cunha longa esperanza de vida e unha menor mortalidade infantil, pero tamén algo característico como a baixa natalidade e fecundidade e do crecemento natural. Feito provocado pola incorporación da muller ó mundo do traballo que leva aparellado consigo a redución da fecundidade (Lesthaeghe, 1995; Van de Kaa, 1987, 1994).

Táboa 3.- Indicadores do proceso de transición demográfica en Galicia.

ANOS	TAXA DE NATALIDADE (%)	ÍNDICE SINTÉTICO DE FECUNDIDADE	TAXA DE MORTALIDADE (%)	TAXA DE MORTALIDADE INFANTIL (%)	ESPERANZA DE VIDA AO NACER (anos)	TAXA DE CRECIMENTO NATURAL (%)
1880	29,30	3,62	26,41	-	-	2,89
1900	32,94	4,44	25,32	162,20	40,90	7,62
1920	28,23	3,46	21,47	135,00	45,40	6,76
1935	27,62	3,47	15,91	95,40	52,40	11,71
1950	20,32	2,42	11,29	63,70	-	9,03
1980	13,96	2,06	8,80	14,00	75,20	5,16
2000	7,22	0,96	10,72	4,10	79,30	-3,50
2009	8,23	1,10	11,03	2,70	81,30	-2,80
2014	7,17	1,07	10,93	1,99	82,92	-3,76

Fonte: INE, *Revista Galega de Economía*, vol. 20, núm. Extraord. (2011), pp121-140 ISSN 1132-2799) e elaboración propia.

II. Avellentamento Demográfico Galego

Como podemos observar Galicia foi a comunidade autónoma con un maior declive demográfico por vía natural, sendo xunto Castela e León, Asturias, Estremadura, Aragón e Cantabria os únicos territorios do Estado con unha perda de poboación por saldo vexetativo. A nivel municipal os municipios con saldo natural positivo son poucos, cunha porcentaxe dun 10.5% do total atopándose nunha maior parte no terzo occidental galego. Pola contra o outro extremo no que se atopan os valores máis negativos aparecen nas terras lucenses e ourensás, precisamente nas zonas onde se aprecia unha maior emigración e un forte avellentamento dos seus colectivos. A nivel comarcal e provincial, táboa 4, observamos un movemento natural da poboación negativo sobre todo a partir dos anos noventa do século XX.

Táboa 4.- Movemento natural da poboación.

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
1975	18016	8719	-224	192	9329
1980	14473	6480	167	-96	7922
1990	-5478	-1658	-2250	-1944	374
2000	-9440	-3085	-2944	-2708	-703
2012	-9782	-3000	-2815	-2798	-1169
2014	-10299	-3808	-2734	-2545	-1212

Fonte: INE, IGE e elaboración propia.

Esta dinámica natural tan negativa explícase pola reducida natalidade, como polo reducido peso da poboación en idade de ter fillos unida a unha elevada mortalidade propiciada polo importante número de persoas en idade avanzada.

Podemos ver por exemplo o movemento natural dun municipio en concreto que será o que posteriormente imos estudar máis minuciosamente, trátase de Moeche municipio da

provincia de A Coruña, zona Ferrolterra. Na táboa 5, vemos que se trata dun concello con pequenos movementos naturais da poboación escasos nacementos e elevados valores de defuncións, debido ó alto avellentamento deste. Pola contra que a nivel provincial este presenta unha mellora nos valores negativos do saldo vexetativo presentando unha redución dentro dos valores negativos a partir dos anos noventa do século XX.

Os nacementos experimentan unha clara tendencia á baixada nos últimos dez anos, esta caída non é tan acusada se temos en conta o descenso demográfico na última década. A partir dos últimos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), no ano 2014 nacen nas tres comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal un total de 1.260 pequenos, un 13,53% menos que fai dez anos (2005).

A comarca de Ferrolterra, se se compara con fai unha década, si que se experimenta unha caída importante na taxa de natalidade, do 14,3%. Se o análise dos datos se realiza a curto prazo, conclúese que o número de nacementos non chega a repuntar pero comeza a frear a caída. No ano 2014 veñen ó mundo 1.044 pequenos, so seis menos que un ano antes. Por municipios Cedeira, Fene, Mugar dos, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño logran incrementar as taxas de natalidade mentres Ferrol remata o ano con doce nacementos menos, Ares sete menos, Moeche con catro menos e Neda con dous menos. (Urgorri, 2016)

Táboa 5.- Movemento natural da poboación, Concello de Moeche.

MOECHE	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo
1975	18	29	-11
1980	21	26	-5
1990	8	43	-35
2000	6	29	-23
2010	4	41	-37
2014	5	28	-23

Fonte: INE, IGE e elaboración propia.

III. Estrutura por Idade

Galicia presenta unha importante evolución demográfico e saldo vexetativo negativos. A poboación mostra como cabe esperar uns pequenos índices de poboación nova fronte altas proporcións de anciás, táboa 6. O porcentaxe de menores de 16 anos no ano 2015 apenas sube do 12,70% no conxunto do territorio galego, reducíndose incluso ó 10% nas provincias de Lugo e Ourense. Fronte a reducida proporción de menores de 16, o avellentamento está tomando unha posición importante pois Galicia está moi próxima de que unha cuarta parte da súa poboación sexa maior de 65 anos, como novamente ocorre nos casos de Lugo e Ourense, que se atopan arredor dun 30%. A Coruña está nunha

situación moi próxima á media tamén, cun relativo menor envellecemento e maior proporción de xente nova, como no caso de Pontevedra, táboa 6.

Táboa 6.- Porcentaxe de poboación segundo grupos de idade, 2015.


	GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Menos de 16	12,70%	12,86%	10,50%	10,46%	14,04%
16-64	63,30%	63,78%	60,92%	59,20%	64,95%
Máis de 64	24,01%	23,35%	28,58%	30,34%	21,01%

Fonte: INE; Padrón municipal de habitantes, IGE e elaboración propia.

Estes datos son moi relevantes, pois todo isto incide na evolución da fecundidade. Canto menor sexa o grupo de idade en idade á maternidade menores serán tamén as taxas de natalidade, táboa 3. A consecuencia desta estrutura de grupos de idade as taxas de fecundidade nos últimos anos a nivel comarcal vense reducidas, non so debido a estrutura tamén outro dato importante é a nova etapa de emigración que está sufrindo a xente nova pola escaseza de perspectivas laborais. O importante ata agora e que calquera indicador que mostremos leva aparelado consigo unha situación de demografía crítica, na que cada vez se ve máis reducida e un cambio a nivel comarcal que parece inevitable frear.

Agora fixándonos a nivel municipal, tomamos como exemplo o Concello de Moeche no que posteriormente imos concretar máis. A situación a nivel municipal non é moi distinta que a nivel de Galicia. A poboación menor de 16 anos apenas chega o 10% da poboación total, figura 3. En cambio a poboación maior de 64 anos atópase arredor do 40%, o que pode describirnos unha poboación envellecida.

Figura 3. – Porcentaxe de poboación segundo os grupos de idade, Moeche 2015.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE e IGE.

As proxeccións futuras a nivel Galicia dinnos que boa parte desta comunidade estará dentro do grupo con maiores porcentaxes de persoas maiores de 65 anos, con un estancamento a partir de 2020.

3. Obxectivos e metodoloxía.

Obxectivos.- O obxecto do presente Traballo de Fin de Grao da Estrutura Laboral e Demográfica de Moeche, é realizar un análise demográfico e laboral sobre o municipio de Moeche, dende os primeiros datos estatísticos ata 2016, a través de indicadores estatísticos, así como información bibliográfica. E estudar o problema do avellentamento demográfico que presenta un freo imparábel. Todo isto facendo un estudo comparativo a nivel Galicia. O obxectivo do estudo da estrutura laboral, é coñecer cal é a situación de Moeche en canto o paro e a poboación activa a parte de coñecer a estrutura económica sector a sector e entender cal foi o sector de máis apoxeo e porque hoxe en día perde forza e debido a que. Aínda que este traballo so se basea no estudo dun pequeno concello en concreto, pode resultar moi representativo do que está sucedendo e sucedeu noutros moitos municipios galegos co paso dos anos debido a perda de poboación e o abandono da xente do rural cara a cidade.

Metodoloxía.- O traballo que se presenta a continuación cumpre coas normas para a realización deste tipo de traballo de fin de grao. Para as citas bibliográficas tense en conta as Normas APA.

As ferramentas informáticas empregadas para a elaboración son Microsoft Office 2007 e 2010, tanto Word como Excel.

A fonte da cal se obtén a maior parte das consultas foi o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE), de onde se obteñen o noventa por cen dos datos estatísticos, e en base a esa información se desenrola a través de Excel para a elaboración de gráficos e táboas e Word para a redacción de textos.

As técnicas cuantitativas son as máis utilizadas neste traballo, á hora de obter e analizar os datos estatísticos sobre variables. A información máis utilizada foi os censos de poboación e vivendas e o padrón municipal de habitantes. O IGE e o INE facilítanos a busca a través das fichas municipais onde existe información desagregada por temas; dende estatísticas de poboación á educación.

4. O Municipio de Moeche.

4.1 Breve descripción.

A partir do anterior marco teórico no que estudamos a evolución demográfica que está a sufrir Galicia, tanto a nivel provincial como xa centrándonos máis a nivel municipal. Os puntos máis importantes neste traballo van a ser a estrutura da poboación e o seu progresivo avellentamento e a estrutura laboral, afectada novamente polo problema do masivo avellentamento.

O municipio que imos estudar detidamente é o de Moeche, un municipio de España que se atopa na provincia de A Coruña, na comunidade autónoma de Galicia. Pertencente a comarca de Ferrol. Situado no sector setentrional da provincia de A Coruña, insíbese na zona intermedia entre as Comarcas de Ferrol, As Pontes e Ortegal. Lindando polo leste cos municipios de Somozas, polo sur con San Sadurniño, ó oeste con San Sadurniño e Valdoviño e polo norte con Cerdido. Pequenos concellos tamén afectados polo avellentamento e caída de poboación.

O Concello de Moeche esta formado por cinco parroquias: *Santiago de Abad*, *Santa María de Labacengos*, *Santa Cruz de Moeche*, *San Xoán de Moeche* e *San Xurxo de Moeche*.

A capital municipal é *San Ramón de Moeche*, situada a setenta quilómetros da capital provincial. Actualmente conta cun total de 1246 habitantes (ano 2015), sobre unha pequena superficie de 48,5 km².

O municipio ocupa unha zona montañosa ó norte, onde están as parroquias de Abade, Labacengos e Santa Cruz e outra zona de val coas súas bocaribeiras cara o sur e sureste, ocupada polas parroquias de San Xoán e San Xurxo. Isto fomenta o sector agrario, como poderemos ver máis adiante.

Este val formado polo río Grande de Xubia e os seus afluentes é de gran beleza e obriga a deterse cando se viaxa pola Carretera C-642, a súa principal vía de comunicación, para disfrutar uns intres do excepcional panorama. A liña férrea de Ferrol a Xixón tamén atravesa estas terras e conta cos apeadeiros de Moeche, Labacengos, Apalla e Entrambasrrias. Xeograficamente, as maiores altitudes localízanse na Pena da Cabra (368 metros), Monte Agudo (371 m) e o Alto do Cadabal (383m), onde aparecen afloramentos de serpentiñas, denominadas localmente Toelo ou Pedra de Moeche, moi demandada pola xente da zona. Moeche ten un clima oceánico e unhas temperaturas suaves cunha media anual de 12,5 graos.

4.2 Historia.

Os primeiros datos históricos de Moeche, lévannos ó período do Bronce Inicial. A primeira reseña escrita que se atopou do concello data do século VI. Trátase dun documento onde se menciona a parroquia de Labacengos. Dise que o nome do concello ven dunha vila que fundou un cabaleiro chamado Modesto (Vila Modesti) antes do século X.

Arredor do século XIV-XV, Enrique de Trastámara concédelle potestades que non posuía a García Rodríguez de Varcancel (señor das Pontes), como o señorío de Santa Cruz e San Xurxo de Moeche.

A historia de Moeche esténdese á sombra dun castelo. A fortaleza foi edificada por Fernán Pérez de Andrade "O Bo", a finais do século anterior, como as de Vilalba e de Andrade, co fin de contar con varios puntos de defensa nas súas enormes posesións da comarca eumesa. Ademais estas víronse incrementadas coa incorporación da fortaleza de Narahío. Deste xeito, as tres formaban un triángulo coa fortaleza de Moeche no centro.

Un acontecemento histórico salientable produciuse no Castelo durante a revolta irmandiña no ano 1431, os primeiros Irmandiños capitaneados polo fidalgo Rui Xordo, intentaron atacar a Nuño Freire de Andrade "O Mao" que se atopaba na fortaleza de Moeche. Esta sublevación tiña como finalidade o afastamento do poder exercido polo de Andrade, que fuxiu seguido dos sublevados, que derribaron parte do edificio, ata Pontedeume, pero cando chegaron a esta vila o señor feudal e os seus ian cara a Santiago de Compostela, onde o arcebispo os acolleu e axudoulles a reorganizar o seu exercito, co que posteriormente derrotaron a esta primeira revolución irmandiña.

A segunda revolución Irmandiña desenrolase no ano 1467, entón Moeche pertencía o Conde de Lemos. Derrotados os Irmandiños foron obrigados a reconstruír todo o que destruírán. A historia conta que foi o Conde de Lemos, Pedro Álvarez Osorio, o que ordena iniciar as obras da fortaleza. No século XVI, o Castelo figura como cárcere da xurisdición coñecida como Estado de Moeche.

Ata finais do século pasado a construción conservouse en bo estado, momento na que a duquesa de Alba, herdeira dos condados de Lemos e Andrade, púxo a poxa, indicando no documento que se poñía a venda como "pedra de montón".

Por sorte esa operación non se levou a cabo, aínda que moita pedra foi arrancada do castelo, e este perdeu moitos dos seus elementos construtivos como muros, ameas, tellados ou pasadizos.

A sombra del permanecen multitude de igrexas, ermidas, castros, hórreos, pazos, muíños e lugares para o lecer na natureza dentro das cinco parroquias, que son un selo indiscutible da historia de este pobo. Actualmente o castelo está aberto a visitantes e organizase nel actividades como concertos, cine e unha actividade recente denominada Castelo de Sons.


4.3 Evolución demográfica do Municipio de Moeche.

O estudo demográfico levado a cabo en Moeche presenta unha perda de poboación progresiva nos últimos séculos, a partir de finais do século XIX pasando dunha poboación de 3.148 habitantes no ano 1960, minorando no ano 1981 a 2.036 habitantes e a día de hoxe atopámonos con 1246 habitantes. O número máximo que experimenta Moeche respecto o número de habitantes sitúase no ano 1940 cun total de 3.625 (figura 4).

O crecemento que a poboación de Moeche vive ó longo dos últimos cincuenta anos é o resultado dunha traxectoria descontínua, seccionada nunha serie de fases sucesivas, que poñen de manifesto os sensibles cambios producidos nas dúas grandes variables sobre as que se basea o crecemento natural: natalidade e a mortalidade.

Dentro dos indicadores sociais resalta o índice de avellentamento por ser demasiado elevado para a poboación que estamos a estudar. Segundo os datos obtidos podemos concluír que o crecemento vexetativo de Moeche é negativo, morre mais xente da que nace e estamos ante unha poboación avellentada.

Figura 4. – Evolución da poboación por anos, Moeche (1860-2015).



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, IGE,

Dende mediados do século vinte a poboación de Moeche experimenta un constante decrecemento pasando de 3.148 habitantes no ano 1960 ós 1.246 no ano 2015.


O crecemento da poboación de Moeche entre 1900 e 2015 foi negativo, cun porcentaxe de redución do 60% da poboación. Cifra moi elevada, pois provoca unha redución de máis da metade da poboación. En Galicia durante o mesmo período prodúcese un crecemento

positivo do 31,3%, aínda que o debemos considerar moderado comparado co vivido no conxunto de España.

En Moeche hai que indicar como data clave o ano 1940, momento no cal vemos que a perda de poboación se volve imparabile, non conseguindo igualar esa cifra ata día de hoxe. Hai que sinalar que non só en Moeche, a nivel de Galicia a partir do ano 2010, prodúcese un decrecemento xeneralizado, atopándose ata ese momento a provincia de A Coruña nun proceso de estancamento tendente ó leve crecemento. Pero dende ese ano prodúcese a quebra definitiva na que tanto a nivel municipal como Galicia, se comeza a perder poboación de maneira imparábel. Isto ocorre debido a crise económica que provoca a menor chegada de xente de fora e paralelamente unha saída continua de xente nova en busca de traballo.

Ó analizar o arraigo da poboación (Dato IGE 2015), observase que máis da metade da poboación, un total do 56,09% das persoas que residen en Moeche naceron no propio municipio, fronte o 35,71% que naceron noutro municipio da mesma provincia. A maior parte da xente que vive en Moeche naceu no propio concello, aínda que co paso dos anos cada vez redúcese máis o porcentaxe de xente que nace e continúa vivindo en Moeche. Pola contra vese un pequeno aumento na poboación nacida no estranxeiro que vive en Moeche como podemos observar na seguinte figura 5.


Figura 5. – Poboación segundo relación entre o lugar de nacemento e o de residencia, Moeche (1998-2015).



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE, Padrón municipal de habitantes.

O número de inmigrantes representa o 4,50% do total da poboación de Moeche. Por nacionalidades predominan os inmigrantes de nacionalidade rumana, co 36%. (Figura 6)

Figura 6. – Poboación entre estranxeiros e españois Moeche (2015).



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE, Padrón municipal de habitantes.

I. Estrutura da Poboación.


Unha das variables que máis denotan a transformación demográfica do noso país é o cambio na estrutura por idades da poboación. Obsérvase un importante avellentamento da poboación como consecuencia da caída nas taxas de mortalidade e natalidade, acompañado dun importante crecemento na esperanza de vida.

A poboación de Moeche é tendente ó avellentamento, máis do 50% da poboación é maior de 65 anos (figura 3 e 7). Tan só o 36% da poboación está en idade á maternidade e tamén en idade para traballar, o que fai que cada vez sexa menos propenso a que este concello teña unha alta natalidade e gran volume de poboación activa. Podemos caracterizalo como un concello cunha poboación moi avellentada, cunha idade media total da poboación de 54 anos; 52 anos en homes e 55 anos en mulleres (Dato: Xaneiro 2015).

O grao de avellentamento na poboación galega é moito maior que o do conxunto de España e especialmente entre as mulleres. Moeche no ano 2007 é o segundo dos concellos máis avellentados de A Coruña cun peso do 37,1% nos maiores de 65 anos. Na actualidade ano 2015 o porcentaxe de persoas maiores de 65 anos non varía moito representa un 36,28%, mentres que a poboación de menos de 16 tan so representa un 7,38% do total, fronte un 56,34% que representan as persoas de 16 a 64 anos. Porcentaxes moi altos na xente máis vella.

A densidade de poboación en Moeche dende o ano 2002 presenta un suave descenso de apenas dous puntos na poboación total, a día de hoxe por cada quilómetro cadrado de superficie atopamos aproximadamente 30 habitantes. Non é un dato que nos chame a atención pois se o comparamos con outras comunidades de España, algunha incluso é menor, como é o caso de Aragón, Castela e León, Castela a Mancha e Extremadura. Comparado con Galicia que ten unha densidade de 93,7 hab/km² si que hai gran diferenza.

Figura 7. – Evolución da poboación maior de 65 anos en Moeche (2001-2015)




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, IGE.

Para poder ter unha idea visual de cómo se estrutura a poboación de Moeche na seguinte figura 8, podemos observar para coñecelo mellor. A partir da forma regresiva destas pirámides de poboación, unha base máis pequena que os escalos seguintes, podemos definir como é a poboación que estamos a estudar. Isto ocorre cando a natalidade descende nos últimos anos é dicir en xeral é baixa. Isto xera un avellentamento da poboación como explicábase na figura 7. Vemos que a situación dez anos despois non cambia, tratándose da mesma forma regresiva que a de 1991, co seu avellentamento progresivo ano tras ano como novamente vemos no ano 2011. Nesta baixa natalidade en Moeche inflúen diversos factores como por exemplo: a xente nova vai estudar fora e cada vez é maior o número de xente que se asenta a vivir nas cidades, a crise económica que fai que cada vez sexa menor os ingresos no fogar, coa crise económica tamén é menor a cantidade de traballo e a xente nova opta por seguir estudando e prolongase o tempo no que os fillos viven na casa dos pais en vez de crear a súa propia familia.

Nestas pirámides de poboación da figura 8, é posible apreciar un importante estreitamento na base como consecuencia da redución en termos absolutos e relativos da poboación máis nova, e una ampliación dos tramos centrais e superiores, moi notable sobre todo no ano 2011. Ademais o peso da poboación feminina (cor vermella) é especialmente elevado nos grupos de maior idade, observámolo na seguinte figura 8.


Figura 8. – Pirámides de poboación Moeche anos 1991, 2001 e 2011.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, IGE.

A pesar do avellentamento da poboación Moeche durante os últimos anos vai manténdose aínda que non tende o crecemento tampouco ten un decrecemento elevado. Na evolución da idade media comparando a 1 de Xaneiro, polo normal adoita atoparse arredor dos 50 anos en diante, e a partir do ano 2002 podemos ver unha clara tendencia ó crecemento, é dicir cada vez a idade media de Moeche tende á ser de 50 en diante. A día de hoxe a idade media a 1 de Xaneiro sería de 52 anos en homes e 54 anos en mulleres. Disto podemos deducir que a maior parte da xente que habita neste municipio se atopa nun rango de idade media, como vemos na figura 8, na estrutura por idades vemos que a menor proporción de poboación é a menor de 16 anos cunha tendencia ó estancamento.

Figura 9. – Evolución da Idade Media a 1 de Xaneiro Moeche 2002-2015.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, IGE.

Nos datos anteriores xa vemos claro a tendencia á maior idade, pero co índice de avellentamento confirmámolo. A partir dos datos obtidos polo INE e IGE obtemos que este municipio ten un índice de envelhecimento alto, por exemplo como dato no ano 2002, hai 289,6 adultos maiores de 65 anos e máis por cada 100 nenos e novos menores de 15 anos. Entre eles o índice de envelhecimento é máis elevado nas mulleres, isto podemos explicalo debido a que nese ano o número de mulleres era maior ó numero de homes, por iso o maior índice. Cabe destacar os anos 2006 e 2011, pois son os anos nos que se alcanzan uns máximos habendo arredor de 366 adultos maiores de 65 anos e máis por cada 100 nenos menores de 15 anos, vemos cada vez unha poboación máis envellecida a medida que pasan os anos. A pesar disto as cifras de máximos e mínimos non son tan distantes, como mínimo temos o ano 2002, pero a partir de aí existe un crecemento novamente, no ano 2015 o índice de envelhecimento é de 362,5 adultos maiores de 65 e máis por cada 100 nenos menores de 15 anos.

Fronte os datos obtidos do Índice de envelhecimento de Galicia, chama a atención como unha poboación de tan so 1.246 habitantes pode ter un índice cunha diferenza de 210,4 puntos máis que unha comunidade autónoma como Galicia que conta cunha poboación total no mesmo momento de 2.732.347 habitantes. Dato moi rechamante, observámolo na figura 10.

Figura 10. – Comparación Índice de Envelhecimento 2002-2015 Moeche e Galicia.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

II. Nivel educativo da poboación.

Outro cambio fundamental que experimentou a sociedade, xunto coa variación na estrutura por idades, é a mellora xeneralizada dos niveles de cualificación da poboación.


No ano 1900, o 74,7% dos habitantes de A Coruña eran analfabetos ou non tiñan estudos, porcentaxe moi similar ó de Galicia (74,3%) pero bastante elevado en comparación ó conxunto do país (66,4%). Ademais nesa época a situación da poboación feminina era claramente discriminatoria, cun peso maior das analfabetas e sen estudos superior ó 85% (Información extraída de cadernos Fundación BBVA).

No século XX prodúcese un avance innegable. No ano 2001 os analfabetos e sen estudos xa se reduciran achegándose o 15%. Tamén a distancia entre homes e mulleres se reducira considerablemente. Neste ano os analfabetos na provincia de A Coruña pesan un 17,9%.

Pero a pesar da mellora observada a nivel provincial no ano 2001 aínda existían municipios nos que o peso dos analfabetos e sen estudos era moi elevado. Nese ano seis municipios superan o 40% de analfabetismo. Entre eles en primeiro lugar atópase Somozas cun 52,2% de analfabetismo, concello veciño de Moeche. E en terceiro lugar atópase Moeche cun porcentaxe de analfabetismo do 48,7%. (Datos Censos INE e Fundación BBVA) A mellora do nivel educativo da poboación é evidente, cada vez máis persoas cursan estudos superiores.


Moeche na actualidade conta cun colexio público de educación infantil e primaria, cun total de 54 alumnos este número cada vez vese máis reducido debido as menores taxas de natalidade. Os concellos veciños tampouco contan con moito maior número de matriculados en educación infantil e primaria agás San Sadurniño (figura 11). Algúns dos alumnos matriculados non son do mesmo concello, entre Moeche e San Sadurniño hai alumnos dun concello e doutro debido a cercanía das vivendas a un ou outro concello, polo que non é un número exacto, pois pode variar para máis ou menos.

Figura 11. – Alumnado matriculado en educación infantil e primaria por Concellos (2015).



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE. Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Figura 12. – Poboación de 16 e máis anos con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos Moeche, 2001.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE. Censos de poboación e vivendas 2001.

O tipo de estudo máis demandado polos maiores de 16 anos do concello de Moeche (figura 12) son por un lado a formación técnica e industria cun total de 38 persoas e con pequena diferenza as ciencias sociais con 30 persoas. Despois existe variedade de estudos con pequenas diferenzas entre un e outro.

A maior parte da xente que estuda en Moeche elixe ciclos formativos relacionados coa mecánica, industria pois son os traballos que mais facilmente poden atopar no propio concello.

Durante a etapa de estudo a maior parte elixe outro concello da mesma provincia, ben por opción propia, pero a maior par das veces por obrigación. Xa que non dispoñemos de moita variedade de centros de estudos máis cerca. No ano 2001, un total de 55 persoas desprázanse do concello de Moeche para ir estudar fora cara outro municipio da mesma provincia. Cada vez este número de desprazamentos vai a ser maior debido á maior tendencia a estudar fora (figura 13).

Figura 13. – Poboación en vivendas familiares estudante non ocupada de 16 e máis anos segundo o lugar de estudo, Moeche 2001.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE. Censos de poboación e vivendas 2001.


O municipio de Moeche para facilitar os estudos ó alumnado do municipio cada ano realiza unha convocatoria de axudas para mercar o material necesario e para o transporte. A nivel infantil, primaria, secundaria, ciclos formativos e universidade.

Ademais diso o concello fomenta o estudo coa recente creación dunha nova biblioteca, aula de informática e posta a disposición de material para o enriquecemento educativo e cultural das persoas.

Facendo unha relación paro e o nivel educativo, chama a atención que a maior nivel de estudos é maior o número de persoas paradas. O máximo número de persoas paradas observando a evolución (2013-2016) na figura 14, vemos que se sitúa sempre na poboación con estudos secundarios. Dende o ano 2013 cada vez isto ocorre menos, pero en Xaneiro de 2016 parece que este caso repunta como está a ocorrer coa poboación con estudos postsecundarios que se ve que cada vez está máis en aumento, pódese deber por un lado a que o non haber traballo a xente opta por estudar e non traballar, ou pola escaseza de traballo.

Un dato moi interesante é o volume de paro nas persoas analfabetas, pois non existe so unha persoa e tamén o de estudos primarios incompletos pois son os dous datos con menor proporción de parados que podemos observar na figura 14.

Figura 14. – Paro rexistrado segundo nivel de estudos rematados.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE. Consellería de Traballo e Benestar.


5. Estructura Laboral do Concello.

Como ben vimos no apartado da poboación, Moeche ten un total de 1.246 habitantes dos cales 702 están en idade de traballar.

O índice de estrutura da poboación en idade activa en Moeche dende o ano 2002 ó 2014 aumenta, isto quere dicir que a relación entre a poboación entre 40 e 64 anos e a poboación entre 15 e 39 anos, vai en aumento, como dato no ano 2014 sitúase en 131,2. (Dato IGE e INE, Índice de estrutura da poboación en idade activa, Moeche 2002-2014).

En todo momento na evolución do paro os homes se atopan arredor de 20 puntos por riba dos mulleres no referido ó paro (figura 15). Dende o ano 2006 Moeche incrementa o número de parados nun total de vinte persoas máis no paro. Unha cifra elevadísima se temos en conta que cada vez incrementa máis. Alcanzamos o máximo no mes de decembro de 2011 ano no que o total de parados se atopaba en oitenta e tres, das cales como sempre adoita ser segundo vemos na figura 19, hai un maior número de homes. Isto débese a menor integración da muller ó mundo laboral, no municipio a maior parte das mulleres non traballan fora, senón que se dedican o coidado dos nenos ou maiores. En Moeche as mulleres do municipio adoitan ser amas de casa, aínda que cada vez vemos que se van incorporando máis.

Figura 15.- Evolución do Paro no Concello de Moeche 2005-2016.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, IGE.

Con respecto ó paro por estrutura de idade, dende o ano 2005 ate o día de hoxe non se mostran grandes cambios, xa que segue unha estrutura homoxénea. Durante esta última década sempre se reflexa o mesmo, un menor número de parados na poboación menor de

25 anos e case o 100% do paro total atópase entre a poboación de 25 e máis anos (Datos IGE Evolución do Paro por estrutura de idade no Concello de Moeche 2005-2016).

Tamén con respecto á estrutura por idade o maior número de afiliacións prodúcese no rango de idade comprendido entre a poboación de 35-44 anos, seguíndoas 45-54 anos, 25-34 anos e 55-64 anos, atopándose en último lugar cun 10,8% a xente nova de 16-24 anos, no caso das mulleres. No caso dos homes non cambia moito pois o maior grupo de idade á afiliación á seguridade social é o de 35-44 anos, seguido de 25-34 anos, 45-54 anos e neste caso si que non hai gran variación como no caso das mulleres de entre os homes de 55-64 anos e 16-24 anos, tendo unha diferenza dun 10% menor con respecto os primeiros (Datos: IGE 2012).

Centrándonos máis por sectores obtemos datos do mes de outubro de 2015 no que podemos ver cal é o sector no que máis xente atopamos en paro e tamén cal é o grupo de idade máis afectado.

Figura 16 e 17.- Evolución paro rexistrado por sexo e idade, e sectores Outubro 2015- Xaneiro 2016- Abril 2016, Moeche.

Figura 16




Figura 17



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Na figura 16 e 17, vemos máis concretamente unha evolución dende Outubro 2015 a Abril 2016. Para poder apreciar máis concretamente este fenómeno, vemos unha evolución primeiramente por idade (figura 16) e logo por sectores (figura 17). Na evolución durante estes tres meses, o máximo paro alcánzase no mes de Xaneiro 2016, cun total de 77 persoas paradas, das cales o maior número se atopa nos homes maiores de 45 anos, comparando coas mulleres este é menor. Apreciase a nivel global, que a poboación parada

se concentra no sexo masculino maioritariamente na franxa de idade maior ou igual a 45 anos. Chama a atención que a poboación menor de 25 anos apenas existe xente en paro cun máximo de 4 persoas en outubro 2015 e abril de 2016, é unha cifra mínima.

En relación cos sectores vemos unha clara diferenza entre uns e outros. O paro concéntrase no sector servizos en calquera dos tres meses que estamos a sinalar nestas figuras 16 e 17, existindo unha gran diferenza con respecto a industria, agricultura e construción.


Tanto na evolución por idade como por sectores vemos que a gráfica presenta unha forma de uve invertida, o paro medra durante o mes de xaneiro pero no mes de abril volve a minorarse. Non existe unha tendencia clara á subida nin á baixada, a evolución é irregular un mes sobe e outro baixa, por exemplo no mes de Febreiro 2016 o paro total sitúase en 72 persoas, Marzo 2016 en 64 persoas parece que vai a presentar unha baixada pero no mes de Abril 2016 xa volve a subir a 66. Tendencia irregular, sen grande variación.

Agora que xa vimos como se atopa o paro en relación cos diferentes sectores, para coñecer máis a fondo como se atopa a estrutura económica do municipio realízase un pequeno estudo desta, o cal vai facilitarnos o traballo á hora de entender como se reparten as ocupacións.

I. Estrutura económica do Concello

Aínda que estamos ante un pequeno concello non por iso nos atopamos con poucas empresas nin moito menos. Moeche é a excepción a os tópicos de que nos concellos pequenos non hai nada. Na actualidade este municipio conta con empresas de moita variedade. As actividades principais en Moeche son os servizos e a agricultura. Seguíndoos a construción e por último e nunha pequena proporción a industria (figura 18).

Figura 18. – Empresas segundo actividade principal Moeche (2014).




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, IGE.

O predominante son as pequenas empresas de entre 1 e 2 traballadores, na actualidade existen 16 empresas deste tipo, de entre 3 e 5 traballadores, hai 7 empresas, unha empresa de entre 6 e 9 traballadores e por último unha empresa de entre 10 e 19 asalariados que son as menos predominantes neste municipio pero existen. A pesar da crise e da perda

progresiva de poboación e avellentamento, na gráfica non observamos reducións masivas do número de empresas, (figura 19).

Figura 19. – Empresas segundo estrato de asalariados.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, IGE.

Dispón de establecementos diversos que fan que non teñan que desprazarse a un concello veciño para poder satisfacer as necesidades dende alimenticias, sanitarias ou para construción etc... É un pequeno núcleo rural dotado de moitas comodidades.

i. Estrutura por Sectores:

1. Agricultura.

O abandono das terras e a diminución da superficie destinada a agricultura supón un importante problema a nivel da Unión Europea, no que tamén se atopa Galicia. Debido os desastres dos incendios forestais, envellecemento da poboación rural e o uso ineficaz do territorio.

Unha das características da agricultura galega durante as últimas décadas é a continua redución da poboación empregada na agricultura. Paralelo a isto tamén está o descenso no número de explotacións dende o ano 1962 (433.000) ata o ano 1999 (270.053) Datos: INE. Proceso de diminución do número de explotacións que continúa ata a actualidade, como resultado da crise e da falta de viabilidade futura, pola simple inviabilidade económica que se presente tras os problemas que están a sufrir os gandeiros, pola baixada do prezo do leite entre outras.

O progresivo peche de explotacións vai deixando libres terras, que dependendo da zona se destinan a unha cousa ou outra. Ou ben o simple abandono. Tamén é certo que moitas das explotacións que na teoría se considerarían inviables seguen abertas e continúan en activo. Entre os factores que poderían influír sobre isto podería ser a transferencia de pais a fillos, a busca de outras fontes de ingresos externos as explotacións etc...

No caso de Galicia dende o ano 2002 as explotacións agrarias vense reducidas nun 31,97% ata o ano 2014, no caso de Moeche redúcense nun 36,36%. O municipio de Moeche con respecto de Galicia non ten unha gran diminución do número de explotacións, é maior a nivel Galicia. Con respecto ó número de bovinos, tanto a nivel Galicia e Moeche vese reducido dende o ano 2002-2014, pero no caso de Moeche solo cambia en seis puntos, en cambio en Galicia estamos a falar de variación de 34.000 bovinos menos.

O cese da actividade agrícola nalgúns casos non conduce a situación de ausencia do uso da terra, senón a apertura de outro tipo de cultivos, plantacións forestais entre outros.

En Moeche a agricultura é moi predominante, destacase neste municipio o volume de actividade que hai neste sector, a maior parte deste dedícase o sector leiteiro. Aínda que este cada vez presenta máis problemas é a forma de vida de moitas familias de Moeche e concellos veciños, tradicións que se levan a cabo ó longo dos anos de pais a fillos. Aínda que coa finalización das cotas ben é que se presentou unha redución moitos aínda continúan e é a forma de traballo. A diferenza agora no municipio de Moeche está no destino dos bovinos, este municipio nos últimos anos cambia o destino no que van a producir coas vacas se fai anos a maior parte dos gandeiros as destinaban á produción de leite, agora prodúcese o aumento nas vacas de non muxidura, o que se definiría nesta zona como “*vacas de fora*” ou “*vacas de carne*”. Algunhas das pequenas explotacións continúan producindo leite pero existe unha gran reconversión cara as explotacións de gando cárnico, incrementándose ano tras ano. No ano 2014 (Datos IGE) en Moeche hai un total de 98 explotacións agrarias. É importante destacar que algunhas destas explotacións son axudadas ós reveses vividos pola crise do sector leiteiro por todos o veciños e concello, pois é un sector moi importante para o Concello de Moeche. A condición xurídica predominante na agricultura é a de persoas físicas.

No relacionado cos cultivos, cada casa conta con cultivos propios, pero estes últimos anos tamén apareceron pequenos negocios de horticultura e viveiros. Que son moi demandados na zona pola súa calidade e pureza. Xa que son cultivos naturais sen a utilización de abonos artificiais nin sulfatos, este pequeno negocio familiar chamado “*Viveros las Torres*” atópase situado na parroquia de Labacengos, pero non só vende na zona senón que reparte a concellos veciños e dentro do propio concello nos pequenos supermercados.

Aínda que é unha poboación con poucos habitantes o sector agrícola é o máis predominante.


2. Servizos.

O sector servizos en Galicia rexistra un aumento na súa facturación a finais do ano 2014, Datos: INE. No conxunto estatal este sector tamén presenta un ascenso. Moeche é o segundo dos sectores con maior forza. Cabe destacar que Moeche se sitúa entre os cinco municipios que teñen máis bares de Galicia (Silvosa, 2016) con tan só 1.246 habitantes Moeche conta con 10 establecementos. Podemos dicir que en Moeche hay un bar por cada 124 residentes. Unha marca importante que fai sentir orgulloso a un pobo pequeno como este.

Os bares cos que contamos podemos atopalos a tan só uns metros facendo un recorrido circular *Mesón O Campo*, *Casa Pena* refuxio gastronómico, que leva aberto dende tempos antigos, punto importante que propicia a visita de xente de fora o noso pobo e activa máis o sector turístico, *Casa Sixto*, *Bar a Terraza e Restaurante Delfino*, *Café Bar Ubaldo*, *Bar Xambas*, a hostelería en Moeche é o máis abundante, sobre todo chama a atención que está concentrada toda maiormente na mesma zona. Tamén nas parroquias veciñas como Abade e San Xurxo contamos con máis bares e casas de comida. Seguindo cara a parroquia de Abade, tamén se atopa cunha pequena tenda antiga, con moitos dos produtos básicos do día a día e tamén conta con bar, *Casa Toñito*. Máis adiante tamén contamos con un pequeno *Estanco Casa Senra*.

Ademáis da hostelería o principal peso dos servizos está na reparación de vehículos de motor e motocicletas. Ademáis das empresas de transporte e almacenamento as cales se encargan de todo o suministro da zona. Unha vez máis a condición xurídica destes é a persoa xurídica e as sociedades de responsabilidade limitada.

Figura 20. – Servizos (2015)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE, IGE.

Para comezar na parroquia de San Xoán que é o punto con máis establecementos deste tipo conta con tres supermercados (Claudio, Super o Cruce e Supermercado Ubaldo), unha farmacia, unha Agromera Norbotica e dous establecementos para a agricultura Agrogizma e Luis Pazo, que facilita as comodidades da xente da zona xa que non precisa desprazarse

para poder abastecerse de forraxe e produtos necesarios. Na entrada ó Concello de Moeche xa nos atopamos con catro das grandes empresas de servizos, primeiramente con Almacenes Sueiras, que é grande empresa de transporte e suministros da construción entre outros, ademais de dous talleres un máis especializado en maquinaria agrícola e outro en coches. Entre estes dous sitúase Ortegal Oil, unha estación de servizo.

Todos estes establecementos atópanse na estrada principal Ferrol-Ortigueira o que tamén facilita a venta, xa que ó atoparse na estrada que cruza todo Moeche. Moitas veces é parada obrigatoria e fai que as vendas sexan maiores que se estivesen moi escondidos. Ser o sitio de paso entre concellos é un punto moi positivo para este tipo de establecementos, xa que sempre teñen moita concorrència.

Non nos podemos esquecer dos puntos turísticos que fomentan o sector servizos. Os principais puntos turísticos son o Castelo de Moeche que a día de hoxe está aberto día a día para facilitar o seu auxe, a área recreativa de San Xurxo, as distintas feiras que se realizan mensualmente os días 11 e 23, ademais do mercado de gando semanal que atrae a moita xente semanalmente. Tamén cabe apuntar as distintas actividades realizadas polo Concello como por exemplo Carreiras Populares, Obras Teatrais, Actuacións e espectáculos os cales adoitan ter abundante participación o cal é un punto moi positivo para a hostalería. Non so as actividades realizadas por parte do concello fomentan a visita de persoas de fora do concello, este conta con distintas asociacións ben veciñais como deportivas, que realizan centos de actividades para a promoción do concello como lugar de interese e núcleo rural activo.

Para este tipo de actividades ou celebracións o concello pode contar con dous puntos de aloxamento que fai que non haxa que desprazarse cara outro concello e prolongue a estancia neste municipio, “Casa Delfino” un pequeno hostel e “Aguamiel” unha pequena casa rural situada no Val de Moeche, preto do Castelo.

3. Construción.

No sector da construción atopamos pequenas empresas que se adican a construción especializada, este sector presenta unha baixada a nivel de toda Galicia. Neste caso as condicións xurídicas destacadas son as persoas físicas e as sociedades de responsabilidade limitada. As empresas de construción na zona son pequenas de non máis de 10 persoas e adoitan estar formadas de xeracións familiares e amizades.


4. *Industria.*

A fabricación de mobles é a principal forza dentro da industria, contando con cinco establecementos nos que podemos atopar todo tipo de mobles, que levan moitos anos traballando. Tamén a panadería chama a atención en Moeche, pois contamos con tres, que abastecen este municipio e tamén os concellos limítrofes como Cerdido, Somozas e San Sadurniño. Tamén e de destacar os traballos de pedra e cantería, que en Moeche ten un valor histórico importante, e trae grandes ingresos a esta zona. A industria leiteira tamén é un pilar en Moeche, subministra os seus produtos por toda Galicia. Ademais o municipio a través da súa primeira Feira do Queixo celebrada o pasado 13 de Marzo, fixo que esta Leitería se promocionase e acadara unha venda espléndida. Pódese dicir que a maior parte da plantilla que traballa nesta industria leiteira é do municipio.

II. Afiliacións á Seguridade Social.

Ano tras ano o número de afiliacións á seguridade social vese reducido dende o ano 2011 cun total de 417 afiliacións, ata o último dato da figura 21, Decembro 2015 vemos unha baixada de 50 afiliacións menos en tan so catro anos. Vemos unha caída progresiva sen freo a vista do número de afiliados.

Figura 21.- Afiliacións á seguridade social por meses e anos, Moeche 2011-2015.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE; Afiliacións Seguridade Social por concello de residencia do afiliado.

A evolución das afiliacións segundo réxime no concello de Moeche dende o ano 2006 ó ano 2010, non ten moita variación. Respecto o total de afiliacións existen pequenas variacións de subida e baixada pero non moi significantes. Ó réxime o que máis opta a poboación de Moeche a afiliarse é o Réxime xeral e minería do carbón superando os demais con gran diferenza. Cada vez é máis a xente que opta por facerse autónomo, isto pode ser debido á crise, o non atopar traballo por conta allea a xente opta por facerse autónoma e traballar para si. O Réxime especial agrario pola contra está cada vez menos

presente nunha poboación que ó parecer sempre estivo moi ligado á maneira de vivir, cada vez menos xente usa como medio único de traballo o sector agrario (táboa 7).

Táboa 7.- Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o réxime, Moeche.

	Total	Réxime xeral e minería do carbón	Réxime especial de autónomos	Réxime especial agrario	Réxime especial do mar	Réxime especial empregados do fogar
2006/Xuño	448	265	89	89	0	5
2008/Xuño	477	287	172	11	1	6
2010/Xuño	434	250	166	13	1	4
2010/Decembro	430	251	160	14	2	3


Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE; Afiliacións Seguridade Social por concello de residencia do afiliado.

III. Poboación Ocupada.

i. **Contratos:**

Nos últimos anos os contratos iniciais de duración indefinida vense reducidos, os máximos alcánzanse nos anos 2007; 2009 e 2012 cun total de dez, estando igualados entre homes e mulleres cunha diferenza de un máis nas mulleres. En cambio os contratos temporais ou de duración determinada dende o ano 2002 colleron moita forza e ano tras ano incrementáanse cada vez máis, no ano 2002 comezase con 79 contratos temporais e no ano 2015 alcánzanse os 186 contratos, este incremento vese reflectido na figura 22 coa lineal vermella. A medida que pasan os anos a poboación de Moeche cada vez ten menos contratos de duración indefinida, polo que o posto de traballo non está asegurado. Isto ocorre debido á crise novamente, a aparición das empresas de traballo temporal e a escaseza de postos de traballo que aseguren o futuro na empresa.

Figura 22.- Contratos iniciais segundo xénero e duración do contrato, Moeche.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE; Consellería de Traballo e Benestar.

En relación coa formación tomando como referencia o mes de maio do ano 2016, en total realízanse vinte catro contratos dos cales máis da metade foron destinados á persoas con estudos secundarios, neste caso predominante nas mulleres. Na evolución dende o ano 2013 podemos comprobar mediante os datos estatísticos no Instituto Galego de Estatística que a maior proporción de contratos sempre se realiza a estas persoas con estudos secundarios.

Tamén temos que ter en conta o tipo de contrato relacionado coa formación, co municipio de Moeche no ano 2015, o 52,02% dos contratos foron asignados a persoas con estudos secundarios. A maior contratación prodúcese nestes estudos e os contratos máis usados son de maior a menor proporción; de obra ou servizo aumentando ano tras ano, eventual por circunstancias da produción con subidas e baixadas dende o ano 2005 o 2015, interinidade cunha pequena evolución de dous puntos menos con respecto a 2010, conversións a indefinidos aínda que cada vez son menores pois vense reducidos dende o ano 2005 a máis do 50% e indefinido ordinario e fomento do emprego que son dos máis escaso. Polo tanto os máis numerosos son os de obra ou servizo destinados as persoas con estudos secundarios.


Neste mesmo período observamos no mes de maio dende 2013 a 2016, que a maior proporción de contratos se realiza no sector servizos con gran diferenza con respecto os demais, neste caso hai desigualdade sempre se realizan máis contratos ás mulleres. Os contratos no sector da agricultura e pesca dende o ano 2014 son case inexistentes. Cabe destacar que os contratos no sector servizos ademais de ser os máis numerosos a medida que avanza os anos medra o seu número. O sector servizos é o máis activo como xa vimos na figura 15.

ii. Situación profesional:

En relación a poboación ocupada e a situación profesional de cada unha, a maior parte das persoas traballadoras do municipio son asalariados por conta allea; dos cales dividimos en dous os eventuais e os de carácter fixo. Neste caso o carácter eventual é máis numeroso, debido a que agora como vimos no apartado anterior non adoitan facerse contratos fixos.

Os empresarios conforman unha boa parte da poboación tamén aínda que menor e destacan os que non empregan persoal.

Figura 23.- Poboación en vivendas familiares ocupada segundo situación profesional, Moeche, 2001.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE, INE. Censos de poboación e vivendas 2001.

Centrándonos na situación profesional por sectores podemos observar tras o estudo de cada sector como vimos no apartado da estrutura por sectores, cales son os sectores polos que se decantan para traballar a poboación ocupada de Moeche.

Anteriormente vimos que o sector con maior proporción en Moeche era o sector servizos e a agricultura. Na seguinte figura 24 podemos observar os cambios producidos na poboación ocupada por sectores. Vemos que a evolución das ocupación dende o ano 1991 presenta diferenzas sobre todo na agricultura, gandería, caza e silvicultura, neste ano a agricultura representaba o 53,39% do total das ocupacións, mentres que no ano 2001 tan so representa o 23,62%, unha diferenza considerable e destacable, pois nos demais sectores non se producen diferenzas tan grandes. Isto é debido á perda do peso do sector agrario no concello pola redución do número de grandes explotacións como método de vida, o máis común agora como xa falamos anteriormente é os cultivos e as pequenas explotacións.

O sector servizos en cambio dende o ano 1991 presenta un pequeno crecemento, cada vez máis xente opta por este sector pois é no que máis demanda existe. A construción hoxe en día é menos representativa pero na evolución de 1991-2001 estaba a comezarse a ver o auxe desta por iso o crecemento nesa etapa. Un sector o cal en Moeche non ten peso ningún neste caso sería o da pesca. Neste caso podemos explicalo debido a cercanía de concellos veciños que se adican a este tipo de ocupación como sería Cariño e Cedeira, dende os cales se desprazan traballadores repartindo este tipo de servizo.


Figura 24.- Poboación en vivendas familiares ocupada segundo rama da actividade Moeche.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE, INE. Censos de poboación e vivendas 2001.

Pero para coñecer máis a fondo as ocupacións podemos obter máis información a través da figura 25. Neste caso observamos que no ano 2001 a situación con respecto as ocupacións era bastante variada. Os dous puntos nos que se concentra a maior parte sería na industria e artesanía seguido de traballos da agricultura. Tamén hai un importante número de traballadores instaladores e montadores así como da hostalería (moi traballado en Moeche, pois existen moitos negocios familiares). Chama a atención que os traballos non cualificados tamén teñen un número importante comparando cos demais, pódese deber a pouca formación dos traballadores. Os postos menos preferidos son as forzas armadas e administrativos, aínda que cada vez estes últimos son máis.

Figura 25.- Poboación en vivendas familiares ocupada segundo ocupación, Moeche (2001).




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE, INE. Censos de poboación e vivendas 2001.

Os datos estatísticos dos últimos anos non nos especifican máis que tipos de postos concreto desempeña a poboación, se volvemos ó ano 1996 si atopamos datos concretos por sectores pero máis detallados, como vemos na figura 26.

Visiblemente xa se pode apreciar que a maior proporción de postos de traballo sitúase na agricultura, hai que ter en conta que estes datos estatísticos son do ano 1996, e como vimos na información anterior a agricultura foi perdendo peso e os servizos foron superándoa. A segunda forza tena a industria manufactureira que é común no concello. En todos estes datos relativos ás ocupacións da poboación de Moeche, hai que ter en conta que non todas as persoas viven e traballan no concello de Moeche nin todas viven en Moeche e traballan fora ou viven noutro concello e traballan en Moeche. Datos tan concretos non son doados de atopar. Pero facendo unha visión global polas empresas do municipio pódese dicir a groso modo que a maioría das persoas traballadoras nas empresas do municipio son residentes en Moeche ou nos concellos principais concellos veciños.


Figura 26.- Poboación ocupada segundo a rama de actividade, Moeche (1996).



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE, INE. Padrón municipal de habitantes e Estatística de poboación 1996.

Con respecto os sexos, no total de ocupacións non existe gran diferenza entre uns e outros, a proporción de homes é dun 59,13% e a de mulleres d 40,87%, non son porcentaxes moi distantes. En cambio se falamos por postos de traballo si que existen máis distancias (figura 27).

Figura 27.- Relación da rama de actividade e o sexo da poboación ocupada, Moeche (1996).



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE, INE. Padrón municipal de habitantes e Estatística de poboación 1996.

A rama de actividade na que máis destacan as mulleres sobre os homes é na agricultura e despois nos servizos, pero so na primeira presenta unha proporción maior. No resto de sectores as mulleres teñen gran diferenza con respecto os homes, no sector que máis distancia existe é a construción sen lugar a dúbidas e despois a industria. Isto non solo pasa neste pequeno concello senón que estes prexuízos existen a nivel Galicia. Tamén pode influír nesta etapa, xa que estes datos son do ano 1996 a menor incorporación da muller ó mundo laboral. Estes datos hoxe en día son distintos.

IV. Sinistralidade Laboral:

A sinistralidade laboral neste concello non adoita ser grave, pode deberse a que non existen grandes empresas con demasiados riscos para a produción de accidentes mortais. Dende o ano 1995 non se producen datos nos que sexa rechamante o número nin a gravidade do accidente. Podemos observalo na táboa 8. Non é un municipio destacable polo elevado número de sinistralidade laboral e máis do 50% dos accidentes son de grao leve.

Táboa 8.- Accidentes laborais con baixa rexistrados segundo gravidade, Moeche.

	Total	Leves	Graves
1995	9	9	0
2000	7	6	1
2005	12	10	2
2010	13	12	1
2014	4	4	0

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE. Consellería de Traballo e Benestar. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA). Sinistralidade laboral Galicia e Boletíns trimestrais de enfermidades profesionais.

V. Centros de traballo:

Os centros de traballo máis predominantes en Moeche son os de nova creación non existindo reanudación da actividade, cambio de actividade nin traslados nos últimos anos.

VI. Métodos de inserción laboral no municipio:

Dende o concello directamente non existe ningún programa específico sobre o fomento de emprego, o que si ten é que é beneficiario de programas aos cales se adheriu como é o caso do RedeXiana2, subvencións de fomento de emprego que solicita para a contratación de persoal etc... A parte destas axudas o concello tamén informa daqueles programas dirixidos a obter a acreditación de competencias clave, recoñecemento de experiencia profesional. Que adoitan ser anuais.

i. RedeXiana2

A RedeXiana2 é un programa da Deputación da Coruña do cal o municipio de Moeche leva varios anos sendo beneficiario. Consiste en que os concellos adheridos se beneficien das accións formativas e das prácticas daqueles cursos ofertados. É un proxecto cofinanciado polo Fondo Social Europeo e unha aposta firme pola creación de emprego nos concellos da provincia, de xeito que se incrementen as posibilidades de inserción no ámbito local mais próximo. As principais liñas de actuación deste programa son: Itinerarios personalizados de inserción laboral, Formación, Experiencia e práctica profesional, Apoio á inserción, Emprendeduría e Rede de recursos.

ii. Plan de Emprego Local (PEL)

A través da Deputación da Coruña, o concello de Moeche tamén solicita subvencións para a contratación de persoal, neste caso chamado Plan de Emprego. Esta axuda é un plan futuro, de novas oportunidades dirixido as **persoas**; pois son as que máis precisan de recursos para facilitar o acceso o emprego, os **concellos**; pois son as administracións máis próximas e xogan un papel fundamental para a creación de emprego e sobre todo para a estimulación da economía local e as **empresas**; pois son as protagonistas na creación de emprego sen elas non existiría. O PEL é unha aposta polo crecemento sostible, unha contribución a fixación da poboación, a través da creación de emprego dende os gobernos locais, o apoio empresarial e os incentivos ás novas empresas.

iii. Programas da Xunta de Galicia

Despois o concello tamén ten programas da Xunta de Galicia. Neste caso o concello solicita as subvencións para contratación de persoal a través dos programas de cooperación. Como as Subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais (TR351A) para as persoas desempregadas ou as Subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) (TR351F) para os beneficiarios do RISGA.

iv. Outras axudas

- Axudas da Consellería de Economía, Emprego e Industria tamén se poden obter axudas.
- Axudas de Fomento de Emprego para a empresa privada, tanto para contratación, para autónomos etc.

6. Conclusións.

O obxectivo deste traballo é estudar a estrutura laboral e demográfica dun pequeno municipio en concreto; Moeche. Analizar a incidencia que ten o avellentamento demográfico sobre a poboación, que se caracteriza por un desequilibrio nos distintos grupos de idade debido a maior esperanza de vida e a unha menor taxa de natalidade. Tal e como se describe no traballo no concello de Moeche atopámonos cunhas estatísticas de elevada poboación maior, xunto con elevados índices de avellentamento e idade media moi superiores ás que presenta a media da Comunidade Autónoma de Galicia, comparando o volume de habitantes.

De continuar esta situación tal e como vimos nas previsións estatísticas, as consecuencias serán unha perda continua de poboación a longo prazo. O feito de que este proceso de avellentamento veña motivado fundamentalmente por unha baixa natalidade pode dar lugar a un forte desequilibrio entre os tamaños dos grupos de idade importante, pois provocará o incremento dunha elevada taxa de dependencia xerada por unha poboación cada vez máis avellentada.

Para resolver este problema é fundamental que a natalidade medre e se regulen estas desigualdades de grupos de idade.

En canto ó estudo económico e laboral, tamén está moi influído polo anterior. Neste traballo estudamos a economía e a estrutura laboral dun pequeno núcleo rural dotado de pequenas empresas. Observando os distintos sectores vemos que o que maior proporción ten é o sector servizos; a día de hoxe a hostalería. Non existe gran diferenza entre homes e mulleres en canto as ocupacións, nestes datos o tratarse dun pequeno concello atopas dificultades para obter datos recentes polo que no traballo se poden ver a maioría dos datos obtidos do ano 2001.

Para fomentar o emprego dende o concello traballan activamente a través de axudas de distintos organismos. Polo que se prevé que o futuro laboral en Moeche non está estancado e pode mellorar grazas a este tipo de actividades.

7. Bibliografía.

- González, M. (2001). El envejecimiento de la población española y sus consecuencias sociales. *Alternativas: Cuadernos De Trabajo Social*, (9), 19-45. doi: 10.14198/ALTERN2001.9.2
- Hernández Borge, J. (2011). *Despoboamento e avellentamento*. Revista Galega De Economía, 20(2), 121-140.
- Hervieu, B. (1996). Agricultura y territorio. *Revista Española De Economía Agraria*, (176), 167-192.
- Martínez, X. (2015). *Patróns de despoboamento do rural galego*. Revista Galega De Economía, 24(1), 63-80.
- Saco Álvarez, A. (2004). O despoboamento de Galicia. *Grial*, (162), 12-17.
- Rico, C., Crecente Maseda, R. (2008). O abandono das terras: Concepto teórico e consecuencias. Eduardo Universidade de Santiago de Compostela. *Revista Galega de Economía*, vol. 17, núm. 2, pp. 47-62.
- Aldrey Vázquez, J., Lois González, R., San Román Rodríguez, J. (2012). “Dinámica territorial e sociodemográfica da montaña galega”. *Polígonos, Revista de xeografía*, 0(18). doi:10.18002/pol.v0i18.196
- Palacios, Carlos de Miguel; Montero Muñoz, María; Fernández, Xavier Simón; (2011). “Efectos socioeconómicos do actual proceso demográfico en Galicia” *Revista Galega de Economía*, sen mes, 1-21.
- Aldrey Vázquez & Del Río Franqueira, (2014). *Crónica dun avellentamento anunciado: Galicia 2015-2030*.
- Concello de Moeche. (2016). Concellodemoeche.com. Recuperado de: <http://www.concellodemoeche.com/sp/inicio/index.php>
- Servicio Público de Empleo (2016). Recuperado de: https://www.sepe.es/contenidos/que_es_el_sepe/estadisticas/datos_estadisticos/municipios/index.html
- IGE - Instituto Galego de Estatística. (2016). Ige.eu. Recuperado de: <http://www.ige.eu/web/index.jsp?idioma=es>
- Instituto Nacional de Estadística. (Spanish Statistical Office). (2016). Ine.es. Recuperado de: <http://www.ine.es/>
- Anuario | CaixaBank Research. (2016). Caixabankresearch.com. Recuperado de: <http://www.caixabankresearch.com/anuario>
- Urgorri, Antía (2016) “Los nacimientos cayeron un 13 % en diez años pero empiezan a repuntar”, *La Voz de Galicia*, Ferrol, 22 Abril.
- Silvosa, Noelia (2016) “¿Cuál es pueblo con más bares?”, *La Voz de Galicia*, Ferrol, 29 Febrero
- Cadernos Fundación BBVA. www.fbbva.es